



VITORIA MOI TRABALLADA

Nóvena xornada da liga de 2ª Autonómica onde o Numancia conseguiu 3 valiosos puntos no complicado terreo de xogo do Misael Prieto, ante 100 espectadores, cunha nutrida presenza numantina nas bancadas.

Meirás, 31 de outubro do 2010.

ALINIACIÓNS:

Meirás: Marcos Díaz (Marcos Rodríguez 46'), Capi, Chipi, Borja, Vidal, Fonso (Eloy 46'), Blanco (Berto 78'), Javi, Nebot (Chapi 65'), Turu, Eric (Santalla 74').

Numancia: Iván, Bule, Costa, Pedro Machado, Zeta, Borja (Vicente 63'), Jose (Antón 73'), Oli, Manu, Rubén (Carlos 81'), Jorge (Javi 46').

COLEXIADO: D. Antonio Belizón Flores (Delegación de Ferrol). Amosoulle cartón amarelo a Borja e Blanco polo Meirás, e a Oli e Iván polo Numancia. Expulsou por dobre amarela a Eloy do Meirás.

GOLES:

Meirás: Capi.

Numancia: Manu (2).

Afrontaba o Numancia unha saída complicada a Meirás, ante un equipo que viña de menos a mais na competición. Nun domingo con choiva e vento, o terreo de xogo presentábase mollado e brando, o que dificultaba o xogo combinativo e a estabilidade dos participantes no partido.

Un partido no que o Numancia xogou dunha maneira bastante ofensiva, apostando polo fútbol de toque dentro das limitacións do campo, e unha defensa bastante adiantada. Dominio do Numancia na primeira metade, que viase reflexado no minuto 35 co 0 - 1 obra de Manu de cabeza, tras un bo centro de Oli. Ese fútbol de ataque facía que o Numancia correse riscos, xa que o Meirás aproveitaba a velocidade dos seus dianteiros para facer perigosos contragolpes. Un deses contragolpes remata nun centro a área numantina que a defensa non e quen de despexar, o balón cae morto no segundo pau e aproveita Capi, libre de marca, para rematar a gol establecendo o 1 - 1 ós 43 minutos de xogo.

Na reanudación, seguía a mesma tónica do encontro, co Numancia indo a polo partido arriscando bastante, aínda que sen sorte no último pase. Pero unha boa xogada individual de Javi que remata cun precioso pase interior deste xogador ó goleador do equipo Manu, e convertido por este último en gol conseguindo o 1 - 2 ós 13 minutos da reanudación. Tivo a

oportunidade de sentenciar o partido o Numancia pero non o conseguiu. Iso provocou ós últimos 10 minutos de sufrimento. No tramo final do encontro, o Meirás asediou a portería numantina, tendo varias ocasións claras de empatar o encontro, pero por sorte para os de Ares, non foron quen de conseguilo, quedando o marcador no xa coñecido 1 - 2 favorable o Numancia.

En definitiva, bo partido do Numancia ante un rival complicado no seu campo. Moito traballo, moita entrega por parte dos xogadores e por momentos bo fútbol. Positiva tamén a reaparición neste partido dun dos xogadores de mais calidade da 2ª Autonómica, Borja Carballo. Victoria importante para ós nosos, e 3 puntos que enganchan outra vez ó Numancia os postos altos da competición.

Mención aparte para a fiel afición numantina, que por mais que chova e ventee acompaña o equipo a onde faga falta. Hoxe volveron contentos a Ares vendo a entrega dos xogadores que tiveron o premio da vitoria.

O vindeiro domingo visítanos o Rosalía de Vilaboa. Un rival que virá coas ideas moi claras a Ares e que seguramente intentará dificultar todo o posible o xogo ofensivo numantino. Necesitará o Numancia o apoio da fiel afición neste partido, para conseguir outra victoria.

¡¡¡Vémonos todos o próximo domingo as 16:15 en Prados Vello animando o Numancia!!!
Ollo o cambio de horario, ás 16:15 h.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!